

BOLETÍN MAIO 2026

APE GALICIA – NOVAS MAIO 2026

1. CEG. PRESENTACION INFORME ABSENTISMO LABORAL
2. SOBER
3. GALICIA CALIDADE. 40 ANOS MEDRANDO CON EUROPA
4. TALLER FORMATIVO IGUALDADE LABORAL
5. CONECTA TALENTO. O PORRIÑO
6. ASAMBLEA GENERAL GALP
7. COITIVIGO
8. ENMACOSA
9. GYMCAÑA LOCALIZATE
10. DEPOEMPRENDE
11. FOROESGAL

APE GALICIA – AXUDAS MAIO 2026

□ 1. IN214C

- **IN214C** – Premios do Comercio Galego

□ 2. CO300B

- **CO300B** – Programa de dinamización comercial dirixido a federacións ou asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal

□ 3. TR358E Y TR358F

- **TR358E** – Axudas para a rehabilitación de vivendas destinadas a persoas traballadoras na CCAA de Galicia solicitadas por persoas xurídicas e por persoas físicas.
- **TR358F** – Axudas para a rehabilitación de vivendas destinadas a persoas traballadoras na CCAA de Galicia solicitadas por concellos.

□ 4. MR405D

- **MR405D** – Axudas para maquinaria agrícola eficiente e tecnoloxía 4.0 en explotacións agrarias.

□ 5. CO301B

- **CO301B** – Bonos Activa Comercio

□ 6. PE610C

- **PE610C** – Axudas para fomentar a remuda xeracional no sector pesqueiro

SOBER

APE Galicia participou nunha edición máis de O Encontro, consolidado como un espazo de reflexión sobre os retos e oportunidades de futuro para Galicia. A entidade tivo un papel destacado coa moderación dunha mesa de debate na que participaron Manuel Abascal (SABSEG), Rocío Cid (Marrón Glacé) e Ramón Alonso (Café Candelas), abordando cuestións como a competitividade empresarial e a colaboración entre sectores.

Durante o encontro tratáronse tamén temas clave para o desenvolvemento socioeconómico galego, como a economía circular, o talento, a industria pesqueira ou as infraestruturas rurais. Desde APE Galicia puxeron en valor estes espazos de conexión entre empresa, institucións e ámbito académico para impulsar un crecemento sostible e competitivo.



GALICIA CALIDADE.

40 ANOS

MEDRANDO CON EUROPA

APE Galicia asistiu aos actos institucionais do Día de Europa, unha celebración especialmente simbólica neste 2026, cando se cumpren 40 anos da adhesión de España e Portugal á Unión Europea.

Durante o encontro, representantes europeos, institucionais, científicos e empresariais analizaron o impacto que Europa tivo en Galicia nestas catro décadas, destacando o papel dos fondos europeos no impulso da innovación, a investigación, o emprego e o desenvolvemento territorial.

O peche institucional correu a cargo do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, quen puxo en valor a transformación de Galicia grazas á Unión Europea, destacando o crecemento económico, a mellora das infraestruturas, o impulso do turismo, da educación e da investigación.

Durante o acto tamén se destacou a importancia do novo marco de fondos europeos para seguir impulsando a competitividade, a cohesión e as oportunidades de futuro en Galicia.

intercambio de
coñecementos entre
profesionais e entidades
participantes.



CONECTA TALENTO. O PORRIÑO

APE Galicia asistiu ao almorzo de presentación de “O Porriño Conecta Talento”, un foro de emprego e desenvolvemento profesional promovido polo Concello do Porriño para impulsar a conexión entre empresas e talento.

O encontro celebrouse en Río Tinto A Granxa e reuniu a representantes institucionais, empresas e entidades vinculadas ao emprego e á formación. Durante a xornada presentouse esta iniciativa, orientada a fomentar oportunidades profesionais, networking e colaboración entre o tecido empresarial e as persoas demandantes de emprego.

Desde APE Galicia destacou a importancia de apoiar accións que impulsen a empregabilidade e o desenvolvemento profesional en Galicia.

TALLER FORMATIVO IGUALDADE LABORAL

APE Galicia asistiu ao taller formativo “Boas prácticas para a atracción e retención do talento e a promoción profesional con perspectiva de xénero”, celebrado o pasado 13 de maio na Deputación Provincial de Pontevedra.

A xornada, contou coa intervención de Catarina Capeáns Amenedo, socia de Vento Avogados e Asesores e responsable da Área de Dereito Laboral, quen abordou a importancia de integrar a perspectiva de xénero nas políticas de xestión do talento das organizacións.

Durante a sesión analizáronse medidas para favorecer contornas laborais máis igualitarias, inclusivas e competitivas, en consonancia coa normativa española e europea en materia de igualdade laboral. O encontro serviu ademais para compartir experiencias e fomentar o

COITIVIGO

APE Galicia asistiu á celebración da Festa Patronal do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (COITIVIGO), celebrada no Hotel Louxo Talaso da Illa da Toxa.

O encontro reuniu a representantes institucionais, profesionais e colexiados nunha xornada de confraternidade na que se desenvolveron distintos actos protocolarios, entre eles as homenaxes aos profesionais con 25 e 50 anos de traxectoria, así como a entrega de distincións honoríficas.

Desde APE Galicia púxose en valor o labor desenvolvido polos profesionais da enxeñaría técnica industrial e a importancia de seguir fortalecendo a colaboración entre entidades e colectivos profesionais de Galicia.

INAGURACION AUDITORIO MARIN

APE Galicia estivo presente na inauguración do novo Auditorio de Marín, un espazo chamado a converterse nun punto de encontro para a creación, a música, as artes escénicas e a vida cultural do municipio.

A xornada estivo marcada pola emoción e pola gran acollida do público, cun auditorio cheo desde a súa estrea e actuacións que sorprenderon aos asistentes. O acto simbolizou o inicio dunha nova etapa cultural para Marín e para toda a comarca.

Desde APE Galicia púxose en valor a importancia de contar con infraestruturas culturais deste nivel, destacando que os espazos que impulsan a cultura tamén contribúen ao desenvolvemento do territorio, á dinamización da actividade e á creación de oportunidades de futuro.

ECCOM

Desde APE Galicia estivemos presentes nunha xornada clave para o futuro da apertura de negocios en Galicia.

As novas ECCOM poden marcar un antes e un despois na axilización de licencias e trámites municipais para autónomos e pemes. Menos burocracia, mais seguridade xurídica e mais rapidez para abrir un local comercial.

Desde APE Galicia seguimos defendendo medidas que faciliten emprender, inverter e xerar emprego.

Porque detrás de cada licenza hai un autónomo esperando poder levantar a persiana.



DEPOEMPRENDE

APE Galicia asistiu ao acto de clausura de DepoEmprende, celebrado na Praza da Ferrería de Pontevedra. A xornada reuniu a 34 cooperativas escolares e arredor de 330 participantes, entre alumnado, profesorado e entidades colaboradoras.

Durante o evento, os asistentes puideron coñecer os proxectos emprendedores desenvolvidos polos centros educativos e participar na entrega de diplomas ás cooperativas participantes. Desde APE Galicia destacou a importancia de fomentar a cultura emprendedora entre a mocidade e de achegar o ámbito educativo ao tecido empresarial galego.



FOROESGAL

APE Galicia asistiu ao Día da Economía Social Galega 2026, celebrado no Hotel Oca Puerta del Camino de Santiago de Compostela e organizado por FOROESGAL. O encontro reuniu representantes institucionais, entidades e persoas expertas para analizar a situación e os retos da economía social en Galicia.

Durante a xornada presentouse o informe *“Diagnose da economía social en Galicia: retos e oportunidades”*, un estudo que pon o foco no papel da economía social como motor de innovación, cohesión territorial e desenvolvemento sostible. APE Galicia destacou a importancia deste tipo de iniciativas para fortalecer a colaboración entre entidades e impulsar o desenvolvemento económico e social de Galicia.

federacións de comerciantes de ámbito superior ao municipal. Poderán beneficiarse asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas que desenvolvan a súa actividade en varios concellos, así como federacións con polo menos tres asociacións asociadas ou con certas condicións de poboación. O programa conta cun orzamento de 200.000 € e o prazo de solicitudes será dun mes a partir do 5º día hábil seguinte á publicación no DOG.

[\(link DOG\)](#)

AXUDAS MAIO 2026

(Para consultar todas as axudas publicadas na nosa web preme [aquí](#))

□ 1. IN214C

Os Premios do Comercio Galego 2026 (IN214C) teñen como obxectivo recoñecer e poñer en valor o labor dos profesionais do sector comercial en Galicia, contribuíndo á súa difusión como motor de desenvolvemento económico e social nas vilas e cidades. Están dirixidos a persoas comerciantes retallistas, establecementos con traxectoria, novos comercios, asociacións e federacións do sector, así como iniciativas destacadas en sustentabilidade e dinamización comercial. O prazo de presentación de solicitudes será do 14/05/2026 ao 14/06/2026.

[\(link DOG\)](#)

□ 2. CO300B

O Programa de dinamización comercial (CO300B) ten como obxectivo incentivar a demanda e incrementar as vendas do comercio retallista en Galicia, mediante subvencións dirixidas a asociacións e

□ 3. TR358E Y TR358F

A orde regula a concesión de subvencións para a rehabilitación de vivendas en Galicia destinadas a acoller como residencia habitual a persoas traballadoras con contrato nunha empresa con centro de traballo na comunidade. As axudas poden ser solicitadas por empresas, persoas físicas ou xurídicas e tamén por concellos, sempre que dispoñan de vivendas cedidas ou en propiedade durante un mínimo de 10 anos e vinculadas a acordos con empresas. O programa conta cun orzamento de 1.500.000 € repartido entre 2026 e 2027 e o prazo de solicitude será de dous meses desde o día seguinte á publicación da orde no DOG.

[\(link DOG\)](#)

□ 4. MR405D

A orde MR405D establece axudas dirixidas ás persoas titulares de explotacións agrarias en Galicia para o ano 2026. O seu

obxectivo é apoiar a modernización das explotacións mediante a incorporación de maquinaria e tecnoloxías máis eficientes e sostibles, promovendo a agricultura de precisión, o aforro enerxético e a redución do impacto ambiental. O prazo de presentación das solicitudes estará aberto do 22/05/2026 ao 22/06/2026.

[\(link DOG\)](#)

□ 5. CO301B

La Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ha anunciado la primera edición de 2026 del programa **Bonos Activa Comercio**, una iniciativa destinada a fomentar las compras en el pequeño comercio gallego.

Las ayudas están dirigidas a personas mayores de edad residentes en Galicia y contarán con un presupuesto total de **2,5 millones de euros**, además de 1.000 euros destinados a un sorteo promocional.

Los bonos podrán descargarse desde el **27 de mayo de 2026 a las 9:00 horas** en la web oficial [Bonos Activa Comercio](#) y estarán disponibles hasta agotar el presupuesto.

El programa funciona en régimen de concurrencia no competitiva, por lo que los descuentos se aplicarán por orden de uso hasta consumirse los fondos. La medida busca dinamizar el comercio minorista de Galicia e incentivar el consumo en establecimientos adheridos.

[\(link DOG\)](#)

□ 6. PE610C

La Xunta de Galicia ha convocado nuevas ayudas para 2026 destinadas a fomentar el

relevo generacional en el sector pesquero gallego.

Estas subvenciones, financiadas a través del fondo europeo FEMPA, están dirigidas a armadores de buques pesqueros inscritos en el registro de Galicia que faciliten el embarque de estudiantes de formación náutico-pesquera. El objetivo es que los alumnos puedan completar las prácticas necesarias a bordo para obtener títulos profesionales del sector pesquero.

La convocatoria se tramita en régimen de concurrencia no competitiva, por lo que las ayudas se concederán por orden de solicitud hasta agotar el crédito disponible.

El plazo de presentación comenzará el **4 de junio de 2026** y permanecerá abierto hasta agotarse los fondos o, como máximo, hasta el **30 de octubre de 2026**.

[\(link DOG\)](#)

Para mais información, visita a nosa páxina web:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección:

Gagos de Mendoza Nº2, Bajo 2-

36001 Pontevedra

